

INSTRUCCIÓN ADMISIÓN E MATRÍCULA - 2025/2026

SÓ APLICABLE A PERSOAS QUE SOLICITAN COMEZAR UN CICLO FORMATIVO DE FP DUAL INTENSIVA

ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

- SÓ SE PODE CUBRIR UNHA SOLICITUDE PARA UN ÚNICO CICLO DE FP DUAL INTENSIVA
- AS PERSOAS SELECCIONADAS PARA A MODALIDADE DE FP DUAL INTENSIVA, QUEDAN EXCLUÍDAS DO PROCESO DE ADMISIÓN A CALQUERA OUTRO CICLO OU CURSO DE ESPECIALIZACIÓN
- NO CASO DE NON SER SELECCIONADO/A EN FP DUAL INTENSIVA PÓDESE CONTINUAR NO PROCESO DE ADMISIÓN XERAL A CICLOS FORMATIVOS E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

1.- PROCESO DE ADMISIÓN TELEMÁTICA

PRAZO

Do luns 16 de xuño ás 9:00 horas ao mércores 2 de xullo ás 13:00 horas*

**Quen obteña o requisito de acceso por obter un título de FP ou da ESO no curso 2024-25 presentará a solicitude a partir do 23 de xuño*

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Dispoñer da seguinte **documentación en soporte electrónico**, para achegala ao cubrir a solicitude:
 - Fotocopia do DNI.
 - Currículo co formato Europass, que se pode elaborar en: <https://europa.eu/europass/es/create-europass-cv>
 - Certificación académica dos requisitos de acceso (**Só para alumnado procedente de fóra de Galicia, ou cando a aplicación o solicite**).
2. Cubrir a solicitude co asistente informático en: <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> e:
 - a. A aplicación pode solicitar que se cargue documentación.
 - b. Unha vez rematada a solicitude, no caso de que esta indique **"a solicitude non terá validez se non está datada e validada por un centro de Galicia con oferta de FP ..."**, será obrigatorio entregala nun centro con oferta de FP dual intensiva.
 - c. Gardar sempre a solicitude a modo de resgardo, pois se precisará para a matrícula.

LISTAXES PROVISIONAL E DEFINITIVA DE SOLICITUDES

O venres 4 de xullo publicarase a listaxe provisional de solicitudes. No caso de ter que reclamar, o prazo comeza ás 9:00 do mesmo día 4 ata o martes 8 de xullo ás 13:00 horas.

O xoves 10 de xullo publicarase a listaxe definitiva de solicitudes.

SELECCIÓN DO ALUMNADO POR PARTE DA EMPRESA COLABORADORA

1. Da listaxe definitiva anterior, a entidade colaboradora (empresas) seleccionará **entre o venres 4 de xullo e o venres 11 de xullo ás 12:00 horas** ao alumnado admitido.
2. A relación de persoas admitidas e en espera publicarase o martes **15 de xullo**.

3. No caso de resultar seleccionado/a, pasamos ao punto 2: **PROCESO DE MATRICULACIÓN**

2.- PROCESO DE MATRICULACIÓN

PRAZO

Do martes 15 de xullo ás 9:00 horas ao venres 18 de xullo ás 13:00 horas

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES

1. Identificarse co DOI (DNI, NIE ou pasaporte)
2. Xustificante de pagamento do seguro escolar (só menores de 28 anos) **a nome do alumno/a**. Os datos necesarios para facer o ingreso son os seguintes:
 - a) **Nº de conta bancaria:** ES39 2080 0234 4130 4000 3005
 - b) **Importe:** 1,12€
 - c) **Concepto:** Seguro escolar - Nome e apelidos do/a alumno/a que se matricula

*** A adxudicación continuada será dende o 1 de setembro ás 9:00 ao 26 de setembro ás 13:00**